

X Concurso Murais

Azulexos - Lar

2024

CR Plurilingüe

Manuela

Rial


Mouzo - Cee



O papel das mulleres
na época da
emigración







Mulheres peixeiras



A black silhouette of a human head in profile, facing right. Inside the head, there is a list of four items. The neck and shoulders are visible below the head, with a purple patterned area and a white line-art pattern.

1. – A Investigación

2. – A Xustificación

3. – A Obra

4. – Bibliografía



1. – A Investigación



Carta 1

Miña Terra a Morriña




Querida Morriña!

Hoxe atopei unha maleta chea de postais tan fermosas, tan bonitiñas, tan benfeitíñas... que me fixeron viaxar no tempo. Non recoñezo a ningún, mais non me parecen caras lonxanas. Imaxes de gran envergadura de mulleres loitadoras, seguras de sí.


Son avoas, nais, tías, irmás, curmás...

Botan de menos as xentes e a terra mais non levaron billete de volta.



Tamén hai mulleres que esperan. viúvas
chámanlle. aínda que seguen casadas.
con fillos e cansadas esperan a quen non
ten volta. Viúvas sí pero de homes que
viven aló onde non alcanza a vista. tan
aló que se esquecen de que existen.
A morriña troca en olvido.

O olvido é amigo
do paso do tempo.
As fotografías non falan
pero contan contos
silenciosos.
Contos mudos.



Aqueles poñan coas súas mellores galas
con roupa de domingo. Abofé que
traballan pero os uniformes de faena non
cañan coa imaxe idílica que queren facer
chegar.

As que quedan traballan na casa, na
leira, coñendo, palillando, mariscando,
pescando, lavando, coidando...

dos seus que son teus.

Levan o peso da casa
nas costas.

Cargan coñ nenos,

coñ cestas, coñ xenllas, coñ loita...

Cargadas de dor e sufrimento.



Az do peixe recollen e limpan as pezas.

Desescaman e destripan.

Fabrican e reparan as redes.

O mar levou parte das súas vidas. o
mesmo mar que lles axuda a atopar unha
saída.

Visten de negro porque están de loito.

Morriña! berran dende aló.

Tempos morriñentos

que non debemos

esquecer xa que

as veces o pasado

troca en presente.

Aquí no pobo están as raíces
os atallos que veñen e van.

Paseos, carreiras, desexos,
lembranzas e inquedanzas.

Casas, fogares e lares.

Lugar de encontro, de olvido e de
acubillo.

Fonte de vida,

montaña de pedras.

Pedriñas como retallos
de pezas monumentais.

A nosa fonte de pedras

é como aquel volcán do Principiño.

hai que coidala e lustrala.

Hai que cubrila de flores,
de risas e de amores.

Cando pases pola praza
non te olvides de que existo,
non te esquezas do que son.

Son de auga e metal
son de escarcha e de cristal
son de vento e de pensamento
son de verbas e non olvido
non me olvides

aínda que as pedras
non falan

a historia está escrita
nos cantos e nos contos.



Sempre que paso e te vexo
lembro e non esquezo
penso e non te olvido.

O que olvida non sente
o que olvida mente
somos memoria
e a memoria
ten que estar presente.

Asinado:

A miña Terra.





Carta 2

Morriña a Miña Terra




Querida miña Terra!

Hai moito tempo que non sei de ti. O día da partida no porto da Coruña foi moi duro. As vosas caras de tristura enchéronme de dor.

A viaxe foi eterna mais aquí nesta nosa nova terra hai esperanza. Temos onde traballar e iso non hai quen o pague.

Cando cobre a miña primeira paga eivos mandar uns vestidiños para as nenas e uns zapatíños.



Hai moitos galegos e compartimos con eles a nosa cultura. É coma se un anaco de ti estivese aquí.

Traballamos a reo no que podemos: no mar, na cantería, no coidado dos nenos, hostalaría, pequeno comercio...

Pero non se vive mal. Que esta carta sirva para estar máis preto de ti miña Terra.

Será enviada polo correo do mar e do vento e chegará a ti como auga de maio, seino ben.



Será unha viaxe de ida e volta como
espero sexan as nosas vidas.

Nas fotos podes ver como celebramos a
festa da nosa patroa a Virxe da

Xunqueira. o Entroido. o Nadal...


Seguimos o teu calendario porque somos
teus. esta terra é de préstamo aínda que
cada día sentímola máis propia.

Como van as cousas
por ahí?

Espero e desexo

que a familia que tanto
quero viva feliz aínda

coa miña ausencia que cada día se fai
máis longa.




Teño fillos nados nesta terra, están
botando raíces neste lado do océano pero
coñecen a nosa lingua e tradicións.

Gustaríame que nun futuro non moi
lonxano visitaran a miña Terra e non se
esqueceran dela. A miña Morriña xa
non é deles esa é miña, porque eu levo o
nome tatuado no máis
fondo do meu corazón.


Non deberían tardar
a memoria pérdese
e esquecerán que
somos irmáns de sangue e corazón.

Sen contacto, sen pel a desmemoria será
recíproca.




Este mar é meu e teu
esta terra é miña e túa
esta miña Morriña
morre comigo
porque sen ti non vivo.

Quen sabe se volverei
que sabe se morrerei
sen verte
sen prometer-te
que te quero
que te sinto
que non minto.



Morriña son
e morriña serei
con morriña
ou sen morriña
falarei. cantarei. berrarei
como eres ti
miña terra galega
a ledicia e a delicia
a fortaleza e a enteireza
do que espera
e non xuzga.



porque entende
que o Cee da miña alma
non me ofrece
o que preciso
o material
o esencial
o primordial
o xornal.


Moitos bicos miña Terra.
Sempre túa!

Asinado:


Morriña.



2. – A Xustificación




Nas dúas caras do mural o formato en
forma de silueta da cara dunha muller
de perfil ten unha clara intención: o
protagonismo do xénero feminino.
A muller vai a ser a gran protagonista.

A dark blue silhouette of a woman's head and shoulders in profile, facing right. The head is filled with white text. The neck and upper chest area are filled with a white pattern of stylized fish. The background is white.

Na cara A tivemos que representar o
ofício que nos tocou por sorteio:
AS MULHERES PEIXEIRAS.





Quixemos enfocalo tamén no oficio das
mulleres a principios do S. XX cando se
adicaban a él porque era unha das
materias primas que estaban ao seu
alcance.

Mayoritariamente
vendían o peixe que lles suministraban
os poucos homes que quedaron
nunha Galicia chea de mulleres e nenos.



Cargaban o peixe en cestas que despois transportaban na cabeza para levalo a vender.

Escollemos unha intensa cor azul que representa o fondo do mar.


A muller afogada de traballo e cargas familiares está atrapada nunha rede que a converte en muller anónima.




A pesar
de traballar
vive unha época
con moi pouca visibilidade.
O anzol representado lánzase
para atrapar algún dos peixes
que circulan polo fondo mariño.



*Esos peixes poden
ser estas mulleres
que non teñen escapatoria
nin opción de decidir aquilo
que lles apasiona.
Era pura supervivencia.*

A dark blue silhouette of a woman's head in profile, facing right. The head is filled with white text. The neck and shoulders are also in silhouette, with white seaweed-like patterns growing from the base. The background is white.

As algas que medran dende o fondo mariño pretenden contextualizar a escena. Trátase do mesmo mar que levou aos homes que pode que non volvan a ver mais.




Na cara B traballamos sobre o tema da emigración. Tiñamos moi claro que debían aparecer paxaros por ser un dos animais que precisamente se despraza dun lugar a outro por distintos motivos.








*Xa no conto O PRINCIPAL se fai
referencia ao aspecto de viaxar
aproveitando a migración dos paxaros.*



O fondo da imaxe é negro e os debuxos
son brancos. Escollemos estas cores
pensando en varias cousas: o loito das
viúvas de vivos,
as fotos en branco e negro que se enviaban
dun destino a outro...




O branco fai referencia ao baleiro pero
tamén á esperanza de chegar a un
lugar mellor.

Unha das siluetas que máis chama
a atención é a de Fernando Blanco
o emblema da emigración do noso pobo.


A base da imaxe é o mar.

Un mar que leva
e trae aos
emigrantes.



No extremo superior dereito representamos unha maleta onde se transportan as pertenzas do que emigra.

Na parte superior podemos apreciar a cola dun peixe que se vai. Este elemento enlaza coa cara posterior, a do oficio das mulleres peixeiras.





3. — A Obra



Emigrantes_Morriña



Vivir de vivos _ Entrevistas





Emigrantes_Morriña



Coro do Manuela





Emigrantes_Morriña



Vivir de vivos_Poema



Podcast Manuela Rial Mouzo - 6º EP - Emigración



Podcast Manuela Rial Mouzo - 6º EP - Emigración



Podcast Manuela Rial Mouzo - 6º EP - Emigración



X Concurso Murales
Azulexos - Lar
2024

CDR Plurilingüe
Manuela
Rial
Mouzo - Cee

































Memorias en papel





4. – A Bibliografia

HISTORIAS
DE IDA
E VOLTA



Galicia

FOTOS DE ONTE



ARTISTAS

Asela Alarcón Guillén

Gael Beiro Beiro

Montse Bouzas Curra

Nayara Casais Costa

Lucía Castiñeira Traba

Juan Clavera Oliveira

Ainhoa Ferreiro Soneira

Alejandro Ferrís Ayala

Javier Gómez Tejón

Xavier Lago Lago
Tatiana Marcote Rodríguez
Nicolás Mayán Lado
María Montero Romero
Iria Quinteiro Castro
Pablo Taboada Prieto
Anxo Vigo Méndez
Iván Villar Alvarellos
Cristina West Haya de la Torre
Érika Álvarez Edreira
Fabiana Álvarez Jiménez
Claudia Castro Rodríguez

Saúl Cives Quintáns
Xavier Cives Quintáns
Carme Costa Lago
Camila Fandiño Rey
Manuel Fernández de Larrinoa Deus
Carlos Fidalgo Villanueva
Martina García Traba
Uxía Iglesias Pérez
Iván Lago Vigo
Andrea Marraoui Caldarulo
Brais Montero Alborés
Rodrigo Mouzo Iglesias

Saray Rocha Castro
Paula Romero Ramos
Francisco Vieites Lestón
Raquel Yuste Romero
Sarah Feliz Iglesias
Jacy Freire Mouzo
Sebastián García González
Rafael Trillo Priegue
Alejandro Vilar Romero
Martín Fidalgo Vila
Ismael Paz Liñares